

MEMORIA CLUB DE CIENCIAS CURSO 2023 - 2024

IES SANTA IRENE

1. Introducción.

No presente curso 2023-2024 o IES Santa Irene foi seleccionado para participar no programa de innovación educativa “Club de Ciencia”. O proxecto acolleuse con moita ilusión por parte de alumnado polas actividades propostas e por ser o primeiro ano que se leva cabo no IES.

O club de ciencia foi dirixido a alumnos de 3º e 4º ESO. Debido o éxito de acollido decidiuse repartir o alumnado en sesión de martes con 7 participantes e de sesión mércores con 12 participantes en horario de tarde de 16.15h ata 18h facéndose en semanas alternas (unha semana martes outra mércores). Durante o período do programa, algún alumno e alumna deuse de baixa, rematado na sesión do martes 3 alumnas e na sesión de mércores 11.

2.- Profesorado participante.

Para o desenrolo de este programa contamos coa participación de:

Apelidos e nome	Tipo	DNI	Departamento
Héctor Montes Martín-Mateos	Docente	53184740T	Bioloxía e Xeoloxía
María Aránzazu Gómez Sanz	Docente	35321042B	Tecnoloxía
Miguel Ángel Meniño Magán	Coordinador	36148038L	Matemáticas
María Isabel Coto Rosende	Docente	52471342Q	Física e Química

3. Descrición das investigacións realizadas polo alumnado.

O alumnado participante tivo que realizar diferentes investigacións e proxectos dependendo da actividade a realizar. Expóñense os mesmos:

3.1. Construción dun reloxo de sol o usando máquina láser. Realizouse unha visita polos reloxo da cidade de Vigo en A Laxe e na Colexiata. Posteriormente, pasouse a face modelos en cartón pluma. Posteriormente aprendese a usar o software Inkscape, Aprender a manexar a cortadora láser MrBean dos POLOS CREATIVOS do centro. Esta actividade levouse acabo durante todo curso sendo a principal do club. Intercaláronse outras durante a súa realización.

3.2. Participación na feira Galiciencia 2024-Mellor de madeira- co proxecto: Estudio da hora solar mediante a construción dun reloxo de sol usando técnicas láser. Acadou o premio a mellor comunicación. Ademais participouse nos retos propostos pola feira.

3.3. O club de ciencias aportou proxectos a semana da ciencia do centro. Entre estes están: “Resolución dun crime usando microscopia” e “Os campos invisibles: campo eléctrico” e “Efectos da conservación do momento angular”

3.4. Excursión á Sotavento – Parque Eólico Experimental. Xermade Lugo. Onde recibiron charlas sobre o panel enerxético de España, así como o seu funcionamento. Visitaron os propios aeroxeneradores, unha casa sostíñalle e experimentos con placas solares. Finalmente realizouse unha visita cultural por Betanzos.

3.5. Actividade de observación astronómica no monte Cepudo en Vigo. Última actividade de convivencia e finalización do club. Participación dun experto que explicou o ceo nocturnos e demais curiosidades usando un telescopio profesional. Decidiuse comprar un telescopio para futuras proxectos de observación do ceo e da lúa para entender mellor a cosmoxía e bóveda celeste o longo do ano.

4. Visibilización das actividades realizadas.

As actividades realizadas quedaron recollidas na páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iessantairene/> así como no rede social instagram do centro. <https://www.instagram.com/institutosantairene/>

Premio mellor comunicación en Galiciencia 23/24. <https://galiciencia.com/es/ganadores-galiciencia-2024/>.

Revista Galiciencia 2024- <https://galiciencia.com/es/revista-edicion-2024/>

A continuación, figuran unha pequena selección dalgunhas das imaxes das actividades que se realizaron:

Visita o reloxo de sol A Laxe Vigo.



Realización do proxecto de reloxo usando técnicas láser- Presentado na Feira Galiciencia 2024.



Excursión Sotavento – Parque Eólico Experimental.Xermade Lugo



Participación Feira Galiciencia 23-24. Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. San Cibrao das Viñas, Ourense



Proxecto: Estudio de la hora solar mediante la construcción reloj de sol mediante láser.
Premio a mellor comunicación.



Observación astronómica Monte Cepudo.



5. Relación dos gastos derivados da participación no programa.

Data factura	Emisor	Tipología	Total Factura	Referencia
30/11/23	Carlin Venezuela S.L.	Material modelos reloj de sol	57,72 €	B36164820
09/01/24	AMAZON PAYMENTS EUROPE S.C.A. AMAZON PAY	Material reloj de sol	26,68 €	LU19647148
10/01/24	AMAZON PAYMENTS EUROPE S.C.A. AMAZON PAY	Material reloj de sol	33,98 €	LU19647148
11/01/24	leboriz s.l.u	Material proyecto semana de la ciencia	42,25 €	B27735919
07/05/24	José Ángel Montes Ferreira	Infografía exposición Galiciencia 2024	35,76 €	E16855983
31/05/24	FERRETERIA COYA 51, S.L.	Material reloj de sol	15,97 €	B36950731
12/06/24	Francisco Brea Iglesias	Actividad: Observación astronómica desde monte cepudo	95,00 €	36155912G
21/06/24	AMAZON PAYMENTS EUROPE S.C.A. AMAZON PAY	Bola de Tesla	42,98 €	N2765219G
28/06/24	AMAZON EU S.A R.L., MADRID BRANCH AMAZON	Telescopio	749,00 €	W0184081H
TOTAL GASTOS			1.099,34 €	
TOTAL PRESUPUESTO			975,6 €	
BALANCE			-123,74 €	El exceso lo aporta el IES SANTA IRENE

6. Conclusións e valoracións.

As actividades levadas a cabo dentro deste programa foron sumamente gratificantes, tanto para o alumnado como para os profesores participantes. O alumnado, desde o primeiro día

estivo moi implicado nas actividades que se desenvolveron, facendo, en moitas ocasións, máis traballo do que se lle pedía, aspecto que destacamos como algo moi positivo, posto que nos indica que a motivación polos traballos foi alta.

Dentro deste proxecto levamos a cabo numerosas actividades interdisciplinares, aspecto que se viu moi favorecido polo feito de que neste proxecto participamos varios profesores de departamentos diferentes. Isto permitiu ampliar a visión das distintas actividades, xa que cada profesor aportou ideas e coñecementos propios do campo da súa especialidade.

Se dúbida cumpríuse os obxectivos marcados polo coordinador: os rapaces achegáronse voluntariamente polas tardes a realizar proxecto de ciencias, empregouse e interiorizouse o método científico, creouse un bo clima de aprendizaxe e sobretudo de convivencia. Foron os propios rapaces os que volcaron a súa enerxía para facer que os proxectos que acadaron certos éxitos.

Esperamos, coas próximas convocatorias do Club de Ciencia, poder realizar novos proxectos como o péndulo de Foucault.